



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN (outubro - decembro 2011)

La regenta, de Leopoldo Alas "Clarín"

Un sacerdote, Fermín de Pas, convertido en instrumento das ambicións da súa posesiva nai, aspira a apropiarse, pola canle eclesiástica, de toda unha cidade. Confíase como penitente a Ana Ozores, considerada en Vetusta a máis digna dama da esfera burguesa. Escrita aos 33 anos de idade polo crítico Leopoldo Alas, converténdose na novela española do século XIX máis provinciana (en aparencia) e máis universal (en realidade).





Tertulia, de Xavier Alcalá

Unha introdución ao mundo pechado de escritores e distribuidores de galardóns literarios. Diferentes tipos de letras, páxinas de diario, artigos e cartas alternanse cos capítulos dunha novela de aventuras. Xavier Alcalá continúa a liña do "collage" iniciada na súa obra "Fábula" e os seus relatos curtos de principios dos anos 80.

Historia de una maestra, de Josefina Aldecoa

A memoria da vida de Gabriela, unha mestra rural nova, dende os anos vinte ata o principio da Guerra Civil. Esta novela lembra aquela época de pobreza e ignorancia, e amosa o importante papel do ensino e da xente que se esforzou por educar un país. Josefina Aldecoa foi filla e neta de mestras, e fundadora do Colexio Estilo.



Pura anarquía, de Woody Allen

Tras 25 anos fóra do eido literario, Allen agasállanos con 18 relatos nos que se burla da sociedade e o ambiente que el mesmo frecuenta: psiquiatras, *gourmets*, detectives privados e incluso as garderías son analizadas coa habitual acidez do cineasta de Nova York. Poderíase dicir que estamos ante un "esperpento á americana" pero sen o sabor amargo que se desprende do auténtico.

Capitanes de la arena, de Jorge Amado

Os Capitáns da Area son os nenos e nenas abandonados, unidos pola miseria e empuxados por unha sociedade egoísta cara os areais do porto da Bahía, onde organizan a súa propia sociedade, marcada pola delincuencia, pero tamén pola solidariedade e a inocencia.

